

# UNDER THE SKIN

Jonathan Glazer, 2013

# 1342

ESTREA EN NUMAX: 22.07.20204 | V.O.S.G. | +16 | 113 min

Un extraterrestre no corpo dunha misteriosa muller deambula polas rúas de Escocia, arrastrando a homes solitarios e confiados a un destino fatal. A adaptación da novela homónima de Michel Faber permítenos observar o noso mundo a través dos ollos dunha alieníxena.

«Un envolvente e magnético exercicio de pulso cinematográfico. Cabería engadir preciso e visionario.»

Luis Martínez, EL MUNDO



## Unha xoia rara e cativadora

Por Manuel M. López

Adaptación da novela homónima de Michel Faber, reescrita para a pantalla polo director Jonathan Glazer e o creativo Walter Campbell, a película é xa esvaradía desde a súa sinopse: unha misteriosa muller conduce unha furgoneta por pequenas localidades de Escocia, recollendo a homes no seu camiño cun funesto propósito.

Jonathan Glazer, creador de longa traxectoria como director en publicidade e videoclips roda con este o seu terceiro título para cinema. Os seus anteriores *Birth* (2004) e *Sexy Beast* (2000) demostran gran capacidade técnica e solvencia tras as cámaras antes que unha continuidade no estilo. A miúdo, a importación destas formas videoclípeiras no cinematográfico foron valoradas de forma pexorativa e noutras como sinal de orixinalidade, atrevemento ou innovación; tal é o caso de David Fincher, Spike Jonze ou Michel Gondry, e é tamén o caso de Glazer, que a parte do seu gusto por imaxes violentas ou perturbadoras, parece manexar unha bagaxe artística que apunta ás primeiras vangardas do século XX, co uso da imaxe dobre e o onirismo surrealistas, demostrando conexións cinéfilas nalgúns casos, como o videoclip de UNKLE onde o actor fetiche de Leos Carax, Denis Lavant, protagoniza «Rabbit in Your Headlights», ou para o célebre vídeo «The Universal» de Blur, no que recreaba a estética d'*A laranxa mecánica* (1971) de Kubrick.

É imposible pasar por alto a referencia ao director de 2001: *Unha odisea do espazo* (1968), por moi manida que se considere no terreo da crítica, cando nos seus primeiros segundos *Under the Skin* nos mergulla nunha paisaxe imposible e xeométrica, de obxectos descoñecidos movéndose no baleiro. Non tan evidente sería relacionar esta secuencia coa obra de Marcel Duchamp "O gran vidro" (1915-1923), polos seus elementos circulares e a alusión a un mecanismo oculto na relación entre o masculino e o feminino, e ao seu posterior "Étant Donnés" (1946-1966), diorama escabroso que ben podería atopase disposto nalgunhas das paisaxes naturais en que se desenvolve a película.

Protagonizada por Scarlett Johansson no que quizá sexa o seu papel máis atípico e extremo, estas incursións demostran que a actriz neoyorkina é capaz de explorar con curiosidade o seu talento e achegarse a seres estraños ou deshumanizados pola súa natureza ou circunstancias, o que no caso de *Under the Skin* alcanza o seu epítome.

*Under the Skin* artella a súa metraje alternando secuencias da deriva do personaxe de Johansson polas cidades para observar o humano desde o estrañamento con ollos non humanos: lentes circulares, obxectos descoñecidos no baleiro, como dicíamos máis arriba, forman un globo ocular, unha pupila, un dispositivo de observación, ao principio da fita. Un filme minimalista que roza o ronsel temático e xenérico de directores como Ari Aster (o horror como profanación do corpo) e Alex Garland (o estraño conformado como unha silueta humanoide).

Como explica Jordi Costa no prólogo do libro "Neoculto: o libro definitivo sobre o cinema de culto": «Unha película de culto é un obxecto que non é para todos os gustos» e a continuación: «A etiqueta cinema de culto ten que ver co contexto en que as películas que se acollen a ela son gozadas». Tanto polas súas peculiaridades como polas propias circunstancias de produción, distribución e estrea, *Under the Skin* ten todo o dereito a considerarse como unha máis destas xoias raras e cativadoras.